

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 13 de marzo de 2014**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día trece de marzo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(206).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia

**2(207).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DE ADQUISICIÓN DE 1.600 ENTRADAS DO ESTADIO DE BALAIÓS PARA O FOMENTO DO FÚTBOL ENTRE A POBOACIÓN ESCOLAR E COLECTIVOS MAIS DESFAVORECIDOS. EXPTE. 12946/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e visto o acta da Mesa de Contratación, do 7.03.14, asinada polo secretario da Mesa de Contratación e conformada polo director deportivo do IMD e xefe da Unidade técnica, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Clasificar, de acordo coas estipulacións previstas no PCAP, a única proposición vinculada o Procedemento negociado sen publicidade obxecto deste expediente a oferta do Real Club Celta de Vigo, SAD. CIF 36609105.

SEGUNDO: No presente expediente non se precisa requirir documentación xustificativa de estar o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade Social por canto o licitador xa presentou coa documentación persoal as certificacións correspondentes, verificándose de oficio por este Concello estar o corrente das obrigas tributarias co Concello de Vigo, do que se aporta certificado emitido pola tesourería municipal. Neste procedemento non se esixe a constitución da garantía definitiva de acordo co estipulado na cláusula 13 do PCAP.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.